

ACTA NÚMERO: 04/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 3 de febreiro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 28 de xaneiro de 2022 (Reunión 03/2022).*
2. *Dar conta das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para a contratación dos servizos de lavandería para a roupa de traballo do persoal de laboratorio e de campo da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2021047233).*
3. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de Uniprex, S.A.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022. (Expte.- 2021065426).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)". (Expte.- 2021033984).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra". (Expte.- 2021054284).*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnica educativa do programa Depoaventura A Lanzada 2022. (Expte.- 2021035025).*
7. *Análise da documentación aportada polas empresas, Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A., e Quavitae Servizos Asistenciais, S.A.U., en relación ao requirimento efectuado para xustificar os valores anormais ou desproporcionados detectados nas ofertas presentadas para optar á adxudicación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2021031854).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 28 de xaneiro de 2022 (Reunión 03/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día, 28 de xaneiro de 2022 (Reunión 03/2022).

2. Dar conta das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para a contratación dos servizos de lavandería para a roupa de traballo do persoal de laboratorio e de campo da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2021047233).

Por Resolución Presidencial nº 2021007636 de data 22/12/2021 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, dos “Servizos de lavandería para a roupa de traballo do persoal de laboratorio e de campo da Estación Fitopatolóxica Areeiro”.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 3 de xaneiro de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Non se realizou acto público de apertura debido a que se garantizou, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realizara ata que finalizara o prazo de presentación de ofertas.

Dentro do prazo de presentación de ofertas, a única empresaria que presentou oferta foi Irene Limeres Padín (DNI: 76933443F), que ofertou un prezo total de 7.800,00 €, IVE engadido para prestar os servizos de lavandería para a roupa de traballo do persoal de laboratorio e de campo da Estación Fitopatolóxica Areeiro, en base os seguintes prezos unitarios:

Concepto	Unidades semanais estimadas	Unidades anuais estimadas	Prezo unidade	Prezo anual	total
Batas, casacas	32	1.664	1,65		2.750,41 €
Pantalóns	19	988	1,65		1.633,06 €
Camisetas	16	832	1,65		1.375,21 €
Chaquetas	4	208	1,65		343,80 €
Chalecos	4	208	1,65		343,80 €



Total	75	3.900	1,65	6.446,28 €
IVE 21%				1.353,72 €
TOTAL CO IVE				7.800,00 €

No prezo ofertado inclúense os custos dos portes correspondentes a 52 portes anuais (1 semanal) prorrateado.

Tras a valoración da oferta da única empresa presentada, obsérvase que a mesma é anormalmente baixa en canto ao prezo, polo que a empresaria é requirida para que xustifique e precise as condicións da oferta, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxesen para a execución do contrato.

A empresaria, Irene Limeres Padín (DNI: 76933443F), presentou a xustificación requirida a través da sede electrónica, dándose traslado da citada xustificación os técnicos do Servizo da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, que en data 27 de xaneiro de 2022 emitiron informe no que se puxo de manifesto que: *“Considéranse suficientes e razoadas as xustificacións realizadas polo que se informa favorablemente ao considerar xustificadas o valor do prezo ofrecido por Irene Limeres Padín (DNI: 76933443F).”*

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta económica presentada pola empresaria, Irene Limeres Padín (DNI: 76933443F), no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para a contratación dos servizos de lavandería para a roupa de traballo do persoal de laboratorio e de campo da Estación Fitopatolóxica Areeiro.

3. Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de Uniprex, S.A.U. para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022. (Expte.- 2021065426).

Por Resolución Presidencial número RP2022000229 de data 18/01/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, dos servizos publicitarios con Uniprex, S.A.U. para a anualidade 2022.

Na citada resolución figura unha invitación á empresa, Uniprex, S.A.U. (A-28782936), para que presente proposición, no caso de estar interesada, a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).



Rematado o prazo para presentar as proposicións, unha vez examinada a documentación presentada, a empresa UNIPREX, S.A.U. resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada foi a seguinte:

UNIPREX, S.A.U. (A28782936)

1.OFERTA ECONOMICA: Porcentaxe de desconto ofertada sobre os prezos de licitación (tarifas do anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas): 0,00%.

Aplicando a porcentaxe de desconto ofertada, os prezos unitarios ofertados son coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: R23KL69S39ZCWTR7).

Do que resulta o seguinte prezo total ofertado:

Prezo máximo sen IVE	36.363,64 €
IVE (21%)	7.636,36 €
Prezo total máximo con IVE	44.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Uniprex, S.A.U. (A-28782936), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022.

4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)". (Expte.- 2021033984).

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 26/11/2021, aprobou o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 30 de novembro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 23/12/2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á



documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor deste procedemento.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- HORDESCON
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.

Na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Con data 10 de xaneiro de 2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 13/01/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, de data 10/01/2022, acordou prestar conformidade ás puntuacións



acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”.

Na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
HORDESCON, S.L.	382.310,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	370.053,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	375.617,45 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	383.036,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI	366.706,81 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	362.755,50 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	369.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	399.285,06 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.



Finalizado o prazo para que CONSTRUCCIONES VALE, S.L., que xustificara a súa oferta, non consta que presentara xustificación algunha.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
HORDESCON, S.L.	17,499	5,00	5,00	5,00	32,50
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	27,228	5,00	5,00	5,00	42,23
NAROM, S.L.	22,945	5,00	5,00	5,00	37,95
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	16,891	5,00	5,00	5,00	31,89
CONSTRUCCIONES FECHI	29,804	5,00	5,00	5,00	44,80
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	28,038	5,00	5,00	5,00	43,04
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	3,277	5,00	5,00	5,00	18,28

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES VALE, S.L., por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto se presúmese que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI	23,00	44,80	67,80
2	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	20,00	43,04	63,04
3	NAROM, S.L.	25,00	37,95	62,95
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	42,23	62,23
5	HORDESCON, S.L.	24,00	32,50	56,50
6	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	31,89	54,89
7	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	18,28	38,28



3. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF B36258861), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	366.706,81 €
IVE (21%)	77.008,43 €
Importe Total	443.715,24 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., figura inscrita inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
- Documentación xustificativa dos medios personais que debe de adscribir como mínimo ó contrato:
 - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares



- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 18.335,34,00 €

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”. (Expte.- 2021054284).

Por Resolución Presidencial número 2021007482 de data 18 de decembro de 2021 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”, cun orzamento base de licitación de 50.820 € IVE incluído.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 13 de xaneiro de /2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- Reborada Martinez Antonio SLNE (B36931541).

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica presentada pola empresa aos técnicos do Museo de Pontevedra para que procederán a súa avaliación conforme aos criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores do presente procedemento.

A arquitecta técnica do Museo de Pontevedra, Silvia Gómez Otero, con data 18 de xaneiro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da



documentación técnica da documentación aportada pola única empresa presentada e admitida, e que foi a seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL. (C.I.F.- B-36931541)	20

A Mesa de Contratación na súa reunión do día 20 de xaneiro de 2022, en base ó informe da arquitecta técnica do Museo de Pontevedra, D^a. Silvia Gómez Otero, de data 18 de xaneiro de 2022, prestou conformidade as valoracións acadadas no sobre “A” pola única empresa presentada e admitida a este procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022 tamén acordou proceder á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos ao superar a empresa REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL, a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (17,50 puntos), en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados no sobre “B” pola empresa, REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL, foron os seguintes:

Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 41.580,00 euros.
 IVE (21%): 8.731,80 euros.
 Importe total ofertado: 50.311,80 euros.

Compromiso de actualización técnica dos documentos entregados por cambios normativos, sempre que non impliquen recálculos, durante o prazo de 2 anos dende a finalización do traballo: SI.

A puntuación obtida unha vez analizada a documentación avaliable mediante fórmulas (criterios automáticos) foi a seguinte:

Empresa	Criterios automáticos	Puntuación sobre B
Reboreda Martinez Antonio SLNE (B36931541)	1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 49 puntos.	2,45 puntos
	2. Compromiso de actualización técnica dos documentos entregados por cambios normativos, sempre que non impliquen recálculos, durante o prazo de 2 anos dende a finalización do traballo, ata un máximo de 16 puntos.	16 puntos
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 65 puntos)		18,45 puntos



A Mesa de Contracción acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Reboreda Martinez Antonio SLNE (B36931541)	20,00	18,45	38,45

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra” á empresa, Reboreda Martinez Antonio SLNE (B-36931541), de acordo co seguinte detalle:

Importe sen o IVE: 41.580,00 euros.
 IVE (21%): 8.731,80 euros.
 Importe total ofertado: 50.311,80 euros.

A empresa Reboreda Martinez Antonio SLNE adquire o compromiso de efectuar a actualización técnica dos documentos entregados por cambios normativos, sempre que non impliquen recálculos, durante o prazo de 2 anos dende a finalización do traballo.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, Reboreda Martinez Antonio SLNE figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e cumpre cos requisitos non estando incurso en prohibición de contratar.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, Reboreda Martinez Antonio SLNE , mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- 1) *Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica:*

A) Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

<input checked="" type="checkbox"/>	<p><i>*Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).</i></p> <p><i>Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.</i></p> <p><i>O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.</i></p> <p><i>*Equipo multidisciplinar formado por tres especialistas que contén coa seguinte titulación universitaria:</i></p>
-------------------------------------	--



- *arquitecta/o con coñecementos específicos no eido da restauración de bens arquitectónicos que forman parte do patrimonio cultural, polo que deberá ter realizado, como mínimo, 2 proxectos en edificios catalogados ou con algún nivel de protección, nos últimos 10 anos;*

- *enxeñeira/o superior con habilitación para a execución do obxecto do contrato e con coñecementos específicos na restauración de bens arquitectónicos que forman parte do patrimonio cultural, polo que deberá ter realizado, como mínimo, 2 proxectos de instalacións en edificios catalogados ou con algún nivel de protección, nos últimos 10 anos;*

- *arquitecta/o técnica/o con coñecementos específicos no eido da restauración de bens arquitectónicos que forman parte do patrimonio cultural, polo que deberá ter realizado, como mínimo, 1 proxecto en edificios catalogados ou con algún nivel de protección, nos últimos 5 anos;*

- 2) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.
- 3) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego.
- 4) Documento que acredita a constitución da garantía definitiva por importe de 2.079,00 €

6. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnica educativa do programa Depoaventura A Lanzada 2022. (Expte.- 2021035025).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de asistencia técnico-educativa do programa Depoaventura A Lanzada 2022.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 03/01/2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/01/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 20/01/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a



documentación administrativa e do sobre B correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)
- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)

A Mesa de Contratación na reunión do día 20/01/2022 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude con data 24/01/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Deseño e implantación proxecto lúdico educativo (26 puntos)	Protocolos de actuación (8 puntos)	Puntuación sobre B “xuízos de valor”
SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)	7,98	1,25	9,23
GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)	24,00	8,00	32,00

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022, en base ó informe da Xefa do servizo de Cohesión Social acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas, así como non efectuar a apertura do sobre “C” presentado pola empresa SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (17,00 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexen neste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 tamén procedeu a efectuar a apertura do sobre “C” presentado pola empresa Golfiño Xestión de Ocio S.L. (B-70072905), sendo os valores ofertados os seguintes:

1.- Prezo ofertado para as 11 quendas do Programa Depoaventura a Lanzada 2022:

Importe sen o IVE: 194.438,13 €
 IVE (10%): 19.443,81 €
 Importe total ofertado: 213.881,94 €



2.- Incremento do número de actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido (O mínimo esixido é de 1 actividade): (Sinalar cun x a opción elixida)

- 10 actividades en lingua inglesa a maiores	X
--	---

3.- Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor.(Sinalar cun x a opción elixida)

Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B-70072905)	SÍ	NON
Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor		X

As puntuacións no sobre C foron son as seguintes:

Empresa: Golfinho Xestión de Ocio S.L.	Puntuacións Sobre C
Prezo ofertado para as 11 quedas	37,21 Puntos.
Incremento do nº actividades en lingua inglesa	20,00 Puntos.
Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor	0,00 Puntos.
Total puntuacións sobre C.....	57,21 Puntos.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U., por non alcanzar na valoración do sobre "B" o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (17,00 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexe neste procedemento aberto.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de xestión do servizo de asistencia técnica educativa do programa Depoaventura A Lanzada 2022, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B-70072905)	32,00	57,21	89,21

- 3) Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,



a adxudicación do procedemento aberto, á empresa GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905) de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento e de acordo co seguinte detalle:

- Prezo ofertado para as 11 quendas do Programa Depoaventura a Lanzada 2022:

Importe sen o IVE: 194.438,13 €
IVE (10%): 19.443,81 €
Importe total ofertado: 213.881,94 €

- Incremento de 10 actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido.

7. *Análise da documentación aportada polas empresas, Eulen Servizos Sociosanitarios, S.A., e Quavitae Servizos Asistenciais, S.A.U., en relación ao requirimento efectuado para xustificar os valores anormais ou desproporcionados detectados nas ofertas presentadas para optar á adxudicación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.-2021031854).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022 procedeu a apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas Quavitae Servicios Asistenciais, S.A.U (NIF: A-80.106.842), Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) e Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) para optar á adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. Así mesmo nesta reunión acordou que non se procedera a efectuar a apertura dos sobres “C” das ofertas presentadas polas empresas Clece, S.A (NIF: A-80.364.243) e Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G), por incumprir ó prego de prescricións técnicas,

A Mesa de Contratación tamén facultou ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realizase o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poideran presentarse e dos informes técnicos que se considerasen necesarios solicitar.



Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, observouse que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, as ofertas económicas das empresas Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) e Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), presentaban valores anormais ou desproporcionados nos seguintes apartados das súas ofertas:

Na oferta da empresa, Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), os seguintes:

- Nos prezos ofertados por persoa beneficiaria con UCR adicional e persoa beneficiaria sen UCR adicional
- Nos valores ofertados tanto nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada como nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Na oferta da empresa, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299), os seguintes:

- Nos prezos ofertados por persoa beneficiaria sen UCR adicional.
- Nos valores ofertados tanto nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada como nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Na oferta da empresa, Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), os seguintes:

- Nos valores ofertados nos dispositivos periféricos de Teleasistencia avanzada.
- Nos valores ofertados nos terminais ofertados para o servizo de teleasistencia móbil.

Con data 20 de xaneiro de 2022, efectuouse o requirimento ás citadas empresas para que xustificasen as súas ofertas, e precisasen as condicións destas, en particular no que se refería ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispuxeran para executar a prestación.

A través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra as empresas Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (Número de rexistro WEB2022002896, de data 26/01/2022) e Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (Número de rexistro WEB2022002730, de data 25/01/2022), presentaron a documentación xustificativa que lles foi requirida en relación aos valores anormais ou desproporcionados detectados nas súas ofertas. A empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) non presentou xustificación da súa oferta dentro do prazo establecido.

Unha vez recibida a documentación solicitouse o correspondente informe técnico e a Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, unha vez analizada a documentación aportada, pon de manifesto que deberían aclararse polas empresas algún destes extremos ao non quedar suficientemente claros na xustificación presentada.



A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as empresas, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U, para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, efectúan as seguintes aclaracións sobre a documentación xustificativa presentada en relación os valores anormais ou desproporcionados detectados nas súas ofertas, tendo en conta o sinalado no informe da Xefa de Cohesión Social e Xuventude de data 02/02/2022 (CSV 67TQY48A41DXQ7H9), en concreto sobre os seguintes aspectos:

- *“EULEN: Aclaración sobre o cálculo do número de persoas beneficiarias sen UCR 50/*
- *QUAVITAE: Aclaración sobre o cálculo dos costes de persoal, así como previsión no cálculo do número de persoas usuarias 1.161/1.000.*

En todo caso de conformidade có establecido no PCA (páxina 15) poderase comprobar o cumprimento das disposicións relativas á protección do emprego e ás condicións de traballo do persoal proposto, especialmente que a categoría profesional se corresponda coas función a desenvolver neste contrato, en función dos convenios colectivos de ámbito territorial e demais lexislación vixente aplicable, de xeito que solicitamos que no caso de resultar adxudicatarias do contrato, calquera das dúas, deberán acreditar estas circunstancias.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

